

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.ª Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cincuenta minutos do día dezanove de outubro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 13 de outubro de 2020.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 1 de outubro de 2020, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2020 entre os concellos resultantes dun proceso de fusión. DOG núm. 206 do 13-10-2020.
- Orde do 6 de outubro de 2020, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica a Orde do 19 de decembro de 2019 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano

2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. DOG núm. 206 do 13-12-2020.

- Orde do 6 de outubro de 2020, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica a Orde do 12 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (Diario Oficial de Galicia número 247, do 30 de decembro). DOG núm. 206 do 13-10-2020.
- Orde do 2 de outubro de 2020, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2021. DOG núm. 206 do 13-10-2020.
- Resolución do 7 de outubro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso sobre intervención en emerxencias para os concellos con grupos de emerxencia supramunicipais (GES). DOG núm. 206 do 13-10-2020.
- Resolución do 7 de outubro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. BOP núm. 206 do 13-10-2020.
- Anuncio do 2 de outubro de 2020, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón das taxas pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondentes ao 3º trimestre de 2020. BOP núm. 172 do 15-10-2020
- Anuncio do 23 de setembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, o día 22 de setembro de 2020 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. BOP núm. 172 do 15-10-2020.
- Anuncio do 25 de setembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, o día 28 de setembro de 2020 de 13.00 a 15.00 horas. BOP núm. 172 do 15-10-2020.
- Anuncio do 28 de agosto de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación, na concelleira D.ª María Penélope López Díaz, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.P.M. e I.B.B. o día 28 de agosto de 2020 ás 13.30 horas. BOP núm. 173 do 16-10-2020.
- Anuncio do 28 de agosto de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación, no concelleiro D. Abraham Seijas González, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre A.M.G.P. e W.R.S. o día 29 de agosto de 2020, ás 19.30 horas. BOP núm. 173 do 16-10-2020.
- Anuncio do 25 de setembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación, na concelleira D.ª Marta María Figueroa Fuentes, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.B.F.D. e C.F.R. o día 25 de agosto de 2020 ás 17.30 horas e entre N.B.P. e J.L.A.I. o día 26 de setembro de 2020 ás 13.30 horas. BOP núm. 173 do 16-10-2020.
- Anuncio do 2 de outubro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación, na concelleira D. Yessica Méndez Sánchez, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre E.C.A. e J.I.O.B. o día 3 de outubro de 2020 ás 12.30 horas. BOP núm. 173 do 16-10-2020.
- Anuncio do 13 de outubro de 2020, do Consorcio As Mariñas, de aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao terceiro trimestre do ano 2020 que rexeirá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 173 do 16-10-2020.

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución do 9 de outubro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba nova concesión definitiva do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística durante o ano 2020. BOP núm. 174 do 19-10-2020.

2.2.- RESOLUCIÓN E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito do Sr. concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 16 de outubro de 2020, que transcrito literalmente di:

“DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO.

O concelleiro de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo dá conta á Xunta de Goberno local do día 19 de outubro de 2020 da realización das seguintes actividades:

ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 23 DE OUTUBRO

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Mago Rafa: *Shukran*.

Aforo limitado polo COVID. Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597. Uso obrigatorio de mascariña.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H